

PROTOCOLO PARA O USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

As medidas¹ de prevención impostas polo COVID-19 serán as que rexen en todo o centro; aínda que nomeamos as que serán de uso obrigatorio neste espazo e, polo tanto, deben ser coñecidas por todos e todas os/as usuarios/as.

Partindo de que a biblioteca só poderá ser usada ata **o 50% da súa capacidade**, só poderán estar presentes un total de 27 PERSOAS, distribuídas deste xeito:

POSTOS DE LECTURA E CONSULTA: 22
POSTOS DE ORDENADORES: 3
PROFESORADO: 2

PROTOCOLO DE ACCESO:

- Antes de entrar deberedes hixienizar as mans co xel hidroalcohólico que teredes á vosa disposición.
- Na entrada da biblioteca disporedes dunhas fichas numeradas **do 1 ao 25 (que se corresponden cos postos que deberedes ocupar)**, nas que tedes que indicar a seguinte información:
 - NOME E APELIDOS
 - CURSO
 - DÍA
 - MOTIVO: consulta, traballo, lectura, uso de ordenadores. *(Para o servizo de préstamo e devolución achégase información na seguinte epígrafe)*

Unha vez cuberta **debedes entregala ao profesor/a de biblioteca**, que a gardará ata o momento en que **o/a avisedes de que abandonades a sala** co fin de que poida entrar outro/a usuario/a.

(De non poderdes acceder ese día á biblioteca, seredes os/as primeiras/os que o poidades facer ao día seguinte, xa que pasaredes á lista de espera.)

- Non esquezades que é obrigatorio **o uso da máscara** e **gardar a distancia de seguridade** interpersoal (1,5 metros) mentres esteades neste espazo.

USO DO ESPAZO E DOS RECURSOS:

SERVIZO DE PRÉSTAMO E DEVOLUCIÓN

Ao comezo do recreo (e ao longo deste) o profesorado de garda de biblioteca preocuparase de saber se hai alumnado que precisa deste servizo. Formarase unha fila no exterior da biblioteca (gardando a distancia de seguridade 1,5) e irase entrando (**LOGO DE CUMPRIR CO PROTOCOLO DE ACCESO**) por orde, **só ao saír un alumno/a poderá entrar o seguinte.**

¹ Medidas que se basean nos seguintes textos: [Medidas de funcionamento das bibliotecas de xestión autonómica a partir do 22 de xuño de 2020 ata o levantamento da emerxencia sanitaria en Galicia.](#) e no [Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19](#)

- Os/as usuarios/as deberán ocupar os postos que aparecen indicados para tal fin (tanto no espazo de consulta ou lectura como no espazo de ordenadores).
- Se consultan algún fondo dos andeis, unha vez rematada esta deben deixalo no lugar que estará identificado como: **DEIXA AQUÍ O MATERIAL CONSULTADO, xa que terá que permanecer illado 4 horas antes de volver aos andeis para un novo uso.**
- **USO de ordenadores:** os teclados cubriranse con plástico transparente que se desbotará e cambiará para o seguinte uso ou empregarán guantes que terán á súa disposición. (Ao rematar o seu tempo, o usuario debe comunicarllo ao profesorado da biblioteca).
- Os/as usuarias/os deste espazo **deben empregar o seu propio material** e evitar compartilo, de ter que facelo teñen que desinfectalo antes de volver empregalo.
- En todas as mesas haberá un xel para que o/a usuario/a poida hixienizar as mans sempre que toque algún material da biblioteca.
- Antes de abandonar a biblioteca, **LÉMBRASE** que **cada usuario/a deberá hixienizar** (terá a súa disposición o preciso) **o lugar ocupado** para que poida ser utilizado por outra persoa.

HORARIO

A BIBLIOTECA PERMANECERÁ ABERTA DE **LUNS A VENRES** DE **11.20H- 11.50H**, **seguindo o protocolo que indicamos no punto anterior.**

(De poder abrir a biblioteca noutras horas, achegarse o horario o máis pronto posible)

SERVIZOS QUE PRESTARÁ A BIBLIOTECA SEGUINDO O PROTOCOLO INDICADO:

❖ PRÉSTAMOS E DEVOLUCIÓN DE LIBROS:

- Manterase o sistema de préstamos e devolucións seguindo o protocolo indicado.

A todo o profesorado que teña biblioteca de aula, recoméndaselle seguir o protocolo indicado pola biblioteca de referencia.

❖ CONSULTA, LECTURA E ESTUDO NA SALA

❖ USO DE ORDENADORES

❖ ACCESO A PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS (revistas, xornais...)

SÓ SEGUINDO ESTES PASOS PODEREMOS GOZAR DE TODOS OS RECURSOS QUE NOS BRINDA A NOSA BIBLIOTECA, DEMOSTRANDO QUE TEMOS SENTIDIÑO PARA SABER APROVEITALOS.